

PIP

Mira a curtametraxe con atención e despois contesta ás preguntas:



Con que problema se atopa Pip primeiro?

- ☐ Non atopa a entrada da Universidade
- ☐ Non ten a altura axeitada
- ☐ Non chega ao pupitre.

Como consegue entrar a clase?

- ☐ Chorando
- ☐ Movendo moito a cola
- ☐ Estirando unha orelha

Pip non se rinde. Con esforzo consegue superar cada problema.

Para chegar ao pupitre, Pip

Parar parar o dispensador de comida, Pip

Para evitar que a educadora se caia, Pip

Numera por orde os problemas aos que se enfrenta Pip segundo suceden no video:

- ☐ Salva a unha persoa e consegue graduarse.
- ☐ A educadora cae porque non lle indica correctamente o camiño.
- ☐ Enche o prato de comida e non consegue parar o dispensador.
- ☐ Non ve ben a mestra porque o pupitre non se adapta ao seu tamaño.
- ☐ Suspende o exame e abandona a Universidade

Por que che parece que Pip suspende o exame se sabía facelo?

Por que cres que se sente triste Pip?

- ☐ Porque o examinador se enfada.
- ☐ Porque cre que a educadora se decepcionou.
- ☐ Porque suspende.

Pip ve o perigo da muller invidente e decide salvala a pesar de estar nun momento moi triste.

- ☐ Deixa a un lado a súa tristeza e evita que a muller caia.
- ☐ Segue chorando porque non vai conseguir graduarse, enton dalle todo igual.
- ☐ Espera a que o examinador estea mirando para salvar a muller.

Pensa nalgunha situación na que ti pensarías en rendirte porque non conseguías facer algo.

Explica como te sentías, como afrontaches a situación e se conseguiches resolvela, como foi?

Cres que as cousas sempre se conseguen a primeira? Que hai que facer en caso de que non saian?

Para que se prepara Pip? Cres que se trata dunha labor importante? Por que?